

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 10 DE AGOSTO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E QUINCE MINUTOS** do día **DEZ DE AGOSTO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia do Tenente de Alcalde **D. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, Alcalde en funcións, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos concelleiros, **D. KLAUS BREY MONTAÑA**, e **D. MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e do Secretario accidental (decreto de 27.07.2012) da Corporación **DON JULIO MÉNDEZ CASTRO**.

O Alcalde en funcións declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- CONVENIO BÁSICO BILATERAL COA XEFATURA DE TRÁFICO.**

**2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**3º.- APERTURA DOS SOBRES B e C PRESENTADOS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA SUBMINISTRACIÓN DE UN VEHÍCULO FURGONETA CON CAIXA ABERTA BASCULANTE.**


**1º.- CONVENIO BÁSICO BILATERAL COA XEFATURA DE TRÁFICO.-**

Por parte do Alcalde en funcións dase conta do informe emitido polo Inspector Xefe da Policía Local solicitado mediante providencia da Alcaldía de data 10 de xullo de 2012, sobre a conveniencia da adhesión ao “convenio básico bilateral entre el Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico y la Entidad Local Ayuntamiento de Silleda, por el que se formaliza su adhesión al convenio específico de colaboración suscrito entre el Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico y la Federación Española de Municipios y Provincias en materia de seguridad vial”.

O informe emitido é favorable, polo que á vista do mesmo, a Xunta de Goberno acorda a sinatura do “convenio básico bilateral entre el Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico y la Entidad Local Ayuntamiento de Silleda, por el que se formaliza su adhesión al convenio específico de colaboración suscrito entre el Organismo Autónomo Jefatura Central de Tráfico y la Federación Española de Municipios y Provincias en materia de seguridad vial”.

**2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

Dase conta por parte do Alcalde en funcións da carta recibida da Real Academia Galega agradecendo a moción referendada polo Concello na que se manifesta o apoio á Real Academia Galega e na que se insta á Xunta de Galicia a que adpte un compromiso pleno co idioma.



**3º.- APERTURA DOS SOBRES B e C PRESENTADOS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA SUBMINISTRACIÓN DE UN VEHÍCULO FURGONETA CON CAIXA ABERTA BASCULANTE.**

1.1.- Dase conta por parte do Secretario accidental da presentación da documentación requerida as empresas Talleres Sixto, S. L. e Fergil Auto, S. L. para subsanar os defectos da súa primeira presentación nos sobres "A":

**- TALLERES SIXTO, S. L.:**

Presenta acreditación de solvencia económica e financeira, mediante certificación bancaria e fotocopia do último imposto de sociedades presentado.

Presenta acreditación de solvencia técnica, mediante relación dos principios suministros realizados nos tres últimos anos.

**- FERGIL AUTO, S. L.**

Non presenta documentación algunha, polo que a Xunta de Goberno acorda excluílo do proceso de selección.

Posteriormente procédese á apertura dos sobres "B" e "C" correspondentes ós candidatos non excluídos.


**Ábrese o sobre "B" de TALLERES SIXTO, S. L.:**

O vehículo ofertado trátase de un Renault Master Volquete Propulsión L3 3500. A documentación inclúe memoria descriptiva onde se especifican todas as características técnicas do vehículo, así como catálogo do mesmo.

**Ábrese o sobre "B" de DITRAM AUTOMOCIÓN, S. L. U.:**

O vehículo ofertado trátase de un Mercedes Benz Sprinter 513 CDI Vehículo de Caja Abierta. A documentación presentada inclúe Memoria descriptiva, características técnicas, relación de melloras, solvencia técnica talleres Mercedes e catálogo do vehículo.

A Xunta de Goberno, á vista da documentación recibida, acorda solicitar informe de un técnico que valore as características técnicas de cada unha das ofertas. O informe solicitarase a un técnico da Deputación Provincial. Si non fose posible, optaríase por unha estación de I. T. V., e de non ser tampouco posible, sería un funcionario do Concello ó que se encargase de redactar o informe.



Ábrese o sobre "C" de TALLERES SIXTO, S. L.:

Contén a oferta económica, prazo de garantía e o prazo máximo de entrega do vehículo.

Prezo ofertado:

A)	Prezo sen I. V. E.	27.508,92.- €
B)	I. V. E. 18%	4.951,61.- €
C)	TOTAL	32.460,53.- €

Prazo de garantía: 4 anos ou 120.000 km.

Prazo de Entrega: O día 25 de setembro como máximo

Ábrese o sobre "C" de DITRAM AUTOMOCIÓN, S. L. U.:

Contén a oferta económica, prazo de garantía e o prazo máximo de entrega do vehículo.

Prezo ofertado:

A)	Prezo sen I. V. E.	34.066,50.- €
B)	I. V. E. 18%	6.131,97.- €
C)	TOTAL	40.198,47.- €

Prazo de garantía: 4 anos ou 200.000 km.

Prazo de Entrega: O día 25 de setembro como máximo

A Xunta de Goberno queda enterada, e acorda pospoñer a puntuación para cando teña recibido os informes solicitados correspondentes ás características técnicas dos vehículos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sr. Alcalde en funcións levántase a sesión as doce horas cincuenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario accidental, dou fe.

O Alcalde en funcións,



O Secretario accidental,

